

O galego a finais do século XX e comezos do século XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

1. Panorámica xeral de finais do século XX e comezos do XXI

As relacións internacionais mudaron de forma evidente no último terzo do século XX. O remate da guerra fría e a apertura dos países do leste, a partir da caída do muro de Berlín en 1989, cambiaron as conexións comerciais e políticas. O sistema capitalista e consumista estendeuse e as novas tecnoloxías da información e da comunicación uniron o mundo nunha única rede que o converteu no que se deu en chamar **aldea global**.

Este proceso de globalización tende a occidentalizar e a uniformizar outras culturas. Polo tanto, existe o risco de perda de elementos autóctonos se estes non están suficientemente protexidos, como pode chegar a ocorrer no caso das linguas.

Nos últimos anos do século XX e nos inicios do XXI o mundo sufriu transformacións que posiblemente melloraron a vida dos seus habitantes, pero que nalgúns zonas resultaron certamente traumáticas: a conversión de China no motor económico mundial; a desaparición do **apartheid** en Sudáfrica; a emigración masiva de latinoamericanos polas súas malas condicións de vida; a apertura do réxime soviético coa **perestroika**; os avances na Unión Europea; o terrorismo islámico; o cambio climático...

2. Galicia a finais do séc. XX e comezos do séc. XXI

Polo que se refire ao contexto histórico interior, despois da **morte de Franco en 1975**, comezou a transición democrática. Os partidos políticos que ata entón eran clandestinos foron legalizados e entre todos redactaron a actual **Constitución Española**, aprobada en **1978**. Esta considera Galicia, Euskadi e Cataluña nacionalidades históricas por contaren cun Estatuto plebiscitado antes do comezo da Guerra Civil en 1936. Polo tanto, recoñece a realidade plurinacional e plurilingüística de España, o que permitirá a partir dese momento certas cotas de autogoberno e descentralización. Deste xeito vaise configurando o chamado **Estado das Autonomías**.

En **1980** foi aprobado en referendo o **Estatuto de Autonomía de Galicia** e en 1981 constituíronse o primeiro Parlamento Galego e a Xunta de Galicia, na que se foron sucedendo distintos gobernos e presidentes ata chegar á actualidade: Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijoo.

Na Galicia autonómica percíbese unha mellora en todos os eidos: a sanidade, as infraestruturas, a cultura... De feito, é aprobada polo Parlamento o 11 de xullo de **1984** a **Lei de creación da CRTVG**. Nacen así os primeiros medios radiofónicos e audiovisuais en galego para todo o territorio: a Radio Galega e a Televisión de Galicia.

En **1986** produciuse a integración na **Comunidade Económica Europea** (CEE), na actualidade denominada Unión Europea. Galicia sofre unha serie de adaptacións no seu tecido laboral, fundamentalmente nos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro. Os cartos que proveñen dos fondos europeos supoñen unha axuda, mais tamén implican a transformación e a modernización do sistema industrial, o establecemento de cotas lácteas, as adaptacións do sector pesqueiro, etc. Asemade, increméntanse os traballadores do sector terciario.

En canto aos fluxos de poboación, os habitantes do medio rural tenden a abandonalo partindo cara ás vilas e cidades. Esta desruralización acelera o proceso de perda de galegofalantes.

Ao mesmo tempo, Galicia convértese en receptora de inmigrantes africanos, sudamericanos, dos países do leste, etc. A inmigración pode contribuir a contrarrestar o avellentamento sufrido pola poboación galega nas últimas décadas, causado pola baixa taxa de

natalidade, que limita os nacementos, e pola mellora das condicións de vida (alimentación, sanidade) que prolonga a esperanza de vida.

Na actualidade, Galicia vive inmersa na aldea global con todo o que iso comporta de vantaxes e inconvenientes. A sociedade galega na súa gran maioría está instalada na modernidade. A maior parte da poboación goza dos beneficios das novas tecnoloxías e o uso da internet e da telefonía celular está xeneralizado. Mais ese acceso á información global non debe influír ata o punto de absorber a cultura e a lingua propias de Galicia.

3. O galego e as leis

A **Constitución Española de 1978** é a primeira lei que recoñece que o galego é lingua oficial de Galicia. Aínda así, só existe o deber de coñecer o español e non ocorre o mesmo coas restantes linguas. Establécese deste xeito unha **“cooficialidade asimétrica”**, pois os distintos idiomas non son tratados por igual:

Título Preliminar

Artigo 3. O castelán é a lingua española oficial no estado. Todos os españois teñen o deber de a coñecer e o dereito de a usar. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.

A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O **Estatuto de Autonomía de Galicia** vén confirmar o estipulado na Constitución e establecer os deberes dos poderes públicos con respecto á lingua:

Título preliminar

Artigo 5: Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

En **1983** apróbase a **Lei de Normalización Lingüística**, coa que se consegue, por exemplo, que o galego se incorpore oficialmente ao sistema educativo:

Título I. Dos dereitos lingüísticos de Galicia

Artigo 1: O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e usalo.

Artigo 3: [...] Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua.

Os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

Artigo 10: Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

No ano **2007** sae á luz o **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega**, aprobado por unanimidade de todos os partidos políticos e que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística, que establece medidas para estender o uso do galego a todos os sectores da poboación.

No ámbito educativo, non hai moito entrou en vigor o **Decreto 124/2007** de 28 de xuño polo que se establece o emprego do galego no ensino non universitario. En xeral, o que dispón este decreto é que o alumnado debe recibir un mínimo do 50% da docencia en galego en todos os niveis de ensino non universitario.

No que se refire á lexislación europea, en **novembro de 1992** o **Parlamento de Estrasburgo** aprobou a **Carta europea das linguas rexionais e minoritarias**, que ampara os dereitos de linguas como o galego. O goberno español ratificou os acordos da carta en 2001.

4. O galego estándar

O galego deste período é xa un galego depurado, cunha variedade estándar e culta xa fixada e que foxe das vacilacións de épocas anteriores. De 1977 son as *Bases para a unificación das normas lingüísticas do galego*, auspiciadas polo Instituto da Lingua Galega e que constituirán o punto de partida para as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982, e revisadas en 1995).

As actuais normas ortográficas, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, son froito da xuntanza e do traballo colectivo dos departamentos de galego das tres universidades (A Coruña, Vigo e Santiago) e do ILG que atenderon a convocatoria da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ASPG) para a elaboración dunha consensuada actualización e revisión da Normativa de 1995.

Entre os aspectos máis salientables destacan: a preferencia pola 1ª forma do artigo e a representación gráfica de *ao* no lugar de *ó*; a solución *-aría*; a substitución do *x* por *s* en *esaxerar*, *osíxeno*...; a terminación *-zo*, *-za* (*espazo*, *diferenza*); as formas léxicas *vogal*, *estudo*; a acentuación proparoxítona na P4 e P5 do Pto. de Subxuntivo (*andásemos*); a eliminación da acentuación dos interrogativos indirectos e do sinal de admiración ou interrogación ao inicio; a eliminación do *c* nos grupos *-cc-* e *-ct-* precedidos de *i* ou *u* (*dicionario*, *condución*); a aceptación do relativo *cuxo*; a escrita separada dos numerais do 20 ao 30...

5. O galego nos distintos ámbitos de uso

5.1. O galego na administración

A **administración autonómica** e as **institucións democráticas** (Xunta, Parlamento, Valedor do Pobo, DOG) están obrigadas a empregar o galego e así o fan no seu uso formal e escrito. Tamén no emprego oral formal se utiliza o galego, aínda que en ocasións dun xeito unicamente “ritual”.

No que se refire á interacción dos funcionarios da administración e os administrados o seu emprego é desigual. A relación co público, que por lei ten dereito a ser atendido en galego, non sempre se realiza nesa lingua, aínda que o cidadán se dirixa en galego á persoa que o atende.

En canto á **administración local**, en 1988 aprobouse unha lei para o uso do galego como lingua oficial das entidades locais, mais o seu emprego varía dependendo de múltiples circunstancias. En Galicia existen 315 concellos cun número moi diferente de habitantes. Parte dos concellos urbanos e semiurbanos adoitan contar cun **Servizo de Normalización Lingüística** que traduce a documentación que xera a institución, resolve dúbidas terminolóxicas e asesora na rotulación e nas comunicacións da entidade municipal cos cidadáns. Algúns concellos mesmo redactaron os seus proxectos no que se refire á planificación lingüística, como o de Santiago e o de Burela. De todos os xeitos, aínda existen corporacións que son remisas a usar o galego.

5.2. O galego na política

No eido da política o galego instalouse xa desde a transición como lingua da reivindicación e da actividade pública de todos os partidos políticos, non só dos nacionalistas.

A lingua que os representantes públicos empregan de xeito formal e oral é o galego, mais nas campañas electorais algúns partidos, sobre todo os de ámbito estatal, editan os seus panfletos e carteis en castelán e galego.

5.3. O galego na xustiza

En xeral, nos **documentos públicos**, o emprego da lingua está aínda moi restrinxido e a normalización avanza moi lentamente. Cómpre recordar que o *Código Civil* e o *Código Penal* non contaron con tradución ao galego ata 1989. Existen algunhas asociacións a favor do uso do galego neste ámbito, mais a inmensa maioría dos xuízos realízanse en castelán.

En canto aos **documentos notariais** e ao rexistro da propiedade, a lingua predominante segue a ser o castelán e aínda que algún cidadán opte por usar o galego, adoita atopar dificultades para exercer ese dereito.

5.4. O galego no ensino

O ensino foi o ámbito en que máis avanzou o proceso de instalación do galego. Desde a década de 1980 a materia de Lingua Galega xeneralizouse nos niveis non universitarios e a partir de 1990 o uso do galego estendeuse por decreto a outras áreas do saber.

Como xa se mencionou, o Decreto 124/2007 é o que regula o uso e promoción do galego no ensino e marca un mínimo do 50% de materias impartidas tanto no Ensino Secundario como na Formación Profesional. Así e todo, a implantación do galego no ensino é desigual: está máis estendido nos centros rurais ca nos urbanos e nos niveis inferiores ca nos superiores.

No **ensino universitario**, os últimos estudos apuntan a que o galego é a lingua habitual dun 30'8% do alumnado, mais que só un 10% a utiliza na redacción de exames, nos traballos académicos e nos apuntamentos. Malia isto, o 91'1% do alumnado é competente nas catro destrezas básicas (falar, entender, ler, escribir). En canto ao profesorado, o 21'9% ten o galego como lingua habitual, mais o nivel de competencia total é do 52'2%.

5.5. O galego na cultura

Outro ámbito onde o galego ten unha implantación satisfactoria é na **actividade cultural**. O seu uso é xeneralizado e habitual nas publicacións literarias, nas representacións teatrais, en distintas exposicións artísticas, etc. Por exemplo, xa en 1997, a edición en galego supoñía un 80% dos títulos publicados en Galicia.

Constátanse algunhas eivas na música e no cine. A produción musical en galego é moi ampla e créanse en Galicia filmes en galego, moi destacables no eido da animación, mais nótase a presión exercida polas grandes produtoras, que dificilmente inclúen obras musicais ou filmográficas en galego nos seus circuitos.

5.6. O galego na empresa

O uso do galego no sector empresarial avanzou moi lentamente nas últimas décadas. Aínda existen moitos prexuízos á hora de usalo, fundamentalmente na documentación escrita e na rotulación. De todos os xeitos, en estudos recentes detéctase que os consumidores reciben con agrado e **publicidade** en galego.

Cómpre destacar a súa presenza na rotulación dalgunhas cadeas de supermercados, na etiquetaxe dalgúns produtos e nas campañas publicitarias.

5.7. O galego na Igrexa

A Igrexa continúa a ser refractaria ao uso do idioma na liturxia (coa excepción de certos colectivos de cristiáns de base), aínda que a maioría dos fregueses e dos curas sexan falantes de galego.

Segundo datos do 2009, calcúlase que unicamente un 7% das misas dos domingos se celebran en galego e que entre un 40% e un 70% das parroquias nunca empregan o galego na

liturxia. Por outra parte, máis do 80% dos sacerdotes afirman ser galegofalantes, o que demostra un comportamento diglósico, debido á formación que os cregos recibiron e ás directrices da institución que representan.

5.8. O galego nos medios de comunicación

Os medios de comunicación en galego son poucos. Emiten en galego a radio e a televisión pública de Galicia (**Radio Galega e Televisión de Galicia**) e a televisión pública estatal xa desde a década de 1970 comezou a informar en galego no programa *Panorama de Galicia*. As televisións comarcais e locais empregan o galego de xeito desigual en programas de tipo cultural, en entrevistas, etc.

Tamén emisoras locais e comarcais e emisoras privadas como a SER, a COPE, Onda Cero... realizan unha pequena parte da súa programación, primordialmente a dedicada á información local ou autonómica, en galego.

En canto á **prensa escrita**, só o xornal diario *Galicia Hoxe* e o semanario *A Nosa Terra*, que se edita desde 1978, están escritos completamente en galego. Outros como *Xornal de Galicia* publícanse parcialmente en galego. O uso do galego nos xornais de máis tirada de Galicia é testemuñal: entre un 3% e un 4% e aparece fundamentalmente nas seccións dedicadas á literatura ou á política galegas, á programación da TVG ou ao humor gráfico.

Publícanse outros xornais quincenais de ámbito comarcal como *A Peneira* ou con periodicidade mensual como *Novas da Galiza*. Edítanse en galego revistas como *Tempos Novos* e outras, xa especializadas, como *Encrucillada*, *Grial*, *Análise Empresarial*, *Dorna*, *A Trabe de Ouro*, etc.

O futuro máis esperanzador represéntao o importante uso do galego en **Internet**. Os xornais xa presentan un alto nivel de consulta na súa versión dixital e é destacable o labor dalgúns portais en galego como *vieiros.com*, *culturagalega.org* e mesmo a páxina institucional da Xunta de Galicia, na que se poden atopar recursos en galego e diferentes ligazóns interesantes.

6. O uso do galego no nivel individual: presente e futuro

O emprego do galego no nivel individual transloce cambios nas actitudes cara á lingua.

No ano 2003, o galego é a lingua inicial de máis da metade da poboación (51'75%) e o castelán éo de menos dun terzo dos falantes (30'31%). Tamén é lingua habitual de máis do 60% da poboación se se suman os monolingües en galego e os que usan con máis frecuencia esta mesma lingua.

Se se ten en conta a idade dos falantes, é preciso destacar que se produce un estancamento da perda do galego como lingua inicial logo de rematado o franquismo. No 2003, máis dun 75% dos maiores de 65 anos ten o galego como lingua inicial e nas distintas xeracións a porcentaxe descende ata un 36'3% entre os falantes de 26 a 35 anos. Non obstante, nas dúas xeracións seguintes (de 16 a 25 anos e de menos de 16) practicamente mantense o número de falantes que teñen o galego como lingua inicial (33'9% e 33'3%, respectivamente).

Recentemente publicáronse os datos da *Enquisa de condicións de vida das familias* do Instituto Galego de Estatística (IGE) que revelan unha perda de terreo do galego en todos os ámbitos. En cinco anos (os datos refírense ao ano 2008), a porcentaxe da galegofalantes, aqueles que teñen o galego como lingua única ou como maioritaria, baixou cinco puntos, ata o 56%. Pola contra, os que teñen o castelán como lingua única ou principal subiu catro puntos, do 38% ao 42%. Por idades, o uso do galego descende entre os máis novos. Nestes últimos cinco anos, a porcentaxe de nenos entre 5 e 14 anos que teñen o castelán como lingua habitual pasou do 60% ao 65%.

Por territorios, o galego segue perdendo terreo nas zonas urbanas, e baixou dun 34% a un 32% en poboacións de máis de 50.000 habitantes.